

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de abril de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 45467 (11/POC-008135)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para o futuro do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 05.01.2023
- 1.2 45659 (11/POC-008247)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a situación actual dos montes veciñais en man común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 432, do 05.01.2023
- 1.3 47553 (11/POC-008905)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a ampliación, por parte do Goberno galego, dos censos para a nova liña da PAC "Xestión sustentable de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 443, do 27.01.2023
- 1.4 51285 (11/POC-009540)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas das agricultoras e agricultores mozos en relación co sistema das convocatorias de axudas para este sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 471, do 22.03.2023

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 50407 (11/PNC-004296)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para
impulsar as permutas de especial interese agrario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 461, do 01.03.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidente	
José Antonio Armada Pérez	P
Secretario	
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG

Vogais

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Raquel Arias Rodríguez	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
Carlos Gómez Salgado	P
María González Albert	BNG
Jesús Miguel Prado Patiño	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Martín Seco García	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45467(11/POC-008135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para o futuro do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Publicación da iniciativa, 432, 05.01.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Houbo un tempo en que o Centro de Investigación Agraria de Mabegondo, o Marco da Curra, Lourizán ou a finca Robles da Pobra do Brollón formaban un complexo modélico e avanzado na investigación e na transferencia do agrario ao servizo do agrario deste País. E non temos que nos remontar ao activo esplendor da Misión Biolóxica nin ao recoñecido prestixio de nomes coma Cruz Gallástegui,

O Centro de Investigación Agraria de Mabegondo e fincas e instalacións asociadas e xa nomeadas, brillaban con luz propia e propiciaron, foron alicerce, exemplo e guía dunha boa porcentaxe da Revolución do Leite operada nos décadas dos 80 e 90.

Instalacións acaídas, modernas, cheas de actividade. Liñas de investigación punteiras cun tecido de transferencia á terra pisada e labrada agardando para poñelas en práctica. E aí quedou. Da investigación xa nos ocupamos noutras iniciativas traídas a esta Comisión 7 e/ou a pleno desta Cámara, hoxe toca falar das instalacións e do persoal de apoio nas mesmas e no campo.

CSM - REXISTRO-IBS-40SKc-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Registro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

Toda investigación agraria precisa de extensión de terra, instalacións, maquinaria, animais, onde levalas a cabo, de persoal investigador e de persoal de campo. Todas imprescindibles e acordos coa importancia que teñen estes labores para o futuro do noso rural e as súas actividades económicas.

Pero no CIAM e nas fincas asociadas o declive é notorio, o abandono, o desmantelamento da investigación agraria pública faise ver non so no maltrato persistente ás prazas de investigación senón tamén nas instalacións, maquinaria, terras e persoal de campo.

Maquinaria:

Hai maquinaria agrícola en uso no laboreo, sementeira, abonado e colleita do froito que está, en moitos casos, obsoleta, non sendo raro que algunha maquinaria e remolques arrastrados non cheguen nin a pasar a ITV.

Falamos dun centro de investigación que debería mostrar as innovacións en maquinaria e apeiros que configuran xa desde hai anos a chamada “agricultura de precisión”, en paralelo co guiado autónomo por satélite das máquinas motrices e os apeiros intelixentes dotados con capacidade para utilizar as doses mínimas e correctas de sementes, de adubos ou de fitosanitarios para optimizar o rendemento das colleitas.

Falamos un centro que, en lugar diso, vítima da incuria e do desleixo programado, so pode amosar hoxe máquinas tractoras renqueantes e apeiros enferruxados que poderíamos atopar hoxe no patio de atrás de calquera explotación. Este é o saldo e consecuencia de tres lexislaturas consecutivas do PP.

O máis grave, con todo, é que a situación descrita non se debe a unha inexistencia de diñeiro para investir neste propósito. O deus Jano, segundo a mitoloxía,

CSV REGISTRO:ISSJ40SK6-2
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

foi o inventor da agricultura entre outras atribucións. Representábase, como é ben sabido, por un busto con dúas caras.

Sírvanos isto para ilustrar a situación que levan vivindo nos centros de investigación: Unha cara: elaboración dos orzamentos, convertidos en lei, que mostran as (exiguas) cantidades de recursos dedicados a I+D, amplificadas propagandisticamente nos medios. Segunda cara: execución orzamentaria nula e repetida en determinadas partidas, poñemos por caso a dedicada a maquinaria (Capítulo VI). Un exemplo? Ano 2022, orzamentados máis de 500 mil euros en Cap. VI de fondos propios libres para maquinaria no programa 561A (I+D). Execución no CIAM: CERO.

A situación descrita débese estender ás escolas de formación da consellaría do Medio Rural. Onde poden ver as novidades tecnolóxicas o alumnado? Nos vídeos de Youtube dalgunha casa de maquinaria? Onde poden aprender o coidado, manexo e guiado da maquinaria sofisticada e complexa que nos ofrece hoxe a tecnoloxía?

Instalacións experimentais

No tocante ás instalacións experimentais das fincas de investigación, outro tanto se pode dicir, relativo á non adecuación das mesmas ós mínimos requirimentos dunha investigación moderna.

Para situar a gravidade da problemática, débese sinalar que a finca experimental do CIAM é a única existente no estado español con capacidade para desenvolver investigación en sistemas de produción de vacún de leite. Conxuntamente coa finca de media montaña de Marco da Curra, a consellaría do Medio Rural conta coas mellores capacidades potenciais para desenvolver investigación en produción de carne de vacún, Ambas actividades foron o eixo central da creación do CRIDA 01 aló nos anos 70 do

CSV REXISTRO: IS9J40SK6-2
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

pasado século e hoxe está seriamente ameazados polo desleixo e a falta de execución dos escasos orzamentos do programa 561A.

Tense traído aquí por parte do BNG as voltas e revoltas do Banco de Xermoplasma do CIAM, as cantidades consignadas nos orzamentos e non gastadas, lembremos os 2 millóns de euros FEDER-REACT do orzamento de 2021, do que a día de hoxe non hai nada executado. Ten se traído aquí a imaxe kafkiana dun “Espello do Rural” que pretende mostrar unha imaxe virtual dunha Galiza Rural inexistente, mentres se renuncia a transformar a Galicia Rural real con política activas, aprobando na lei de orzamentos de 2021 e 2022 un total case 7 millóns de euros FEDER-REACT cunha execución nula até a data, exhibindo de forma impúdica a máxima incapacidade de xestión económica, sendo de sinalar o “cinismo contable” de atribuír este investimento ao programa de investigación agraria de Galicia (561A).

Só dous exemplos máis en materia de infraestruturas:

a) Nave de leite do CIAM, para substituír a actual nave de ensaios, cuxa estrutura data de 1975, con equipamento obsoleto e leitería máis obsoleta aínda. Foi prometida hai dous anos. Fíxose un anteproxecto que quedou, aparentemente, abortado. Sen dotación orzamentaria.

b) Instalacións na estación experimental agrogandeira da Pobra do Brollón: O taller de maquinaria completamente incendiado en abril de 2021, está sen reconstruír no momento actual, comprometendo a operatividade desta estación, de especial importancia por ser de regadío e estar situada no ámbito do Val de Lemos. A nave das vacas de carne, construción que como o resto do complexo forma parte dun complexo de arquitectura rural galega conservado nesta finca que data dos inicios do cambio tecnolóxico na agricultura galega de mediados do SXX está a piques de derrubarse, co

CSV: REXISTRO-ISS:40SK6-2
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

consequente risco para a seguridade dos traballadores, do benestar animal e da conservación do patrimonio.

Persoal:

Temos traído aquí en máis dunha ocasión o problema da dotación dos recursos humanos para investigación, poñendo o énfase, as máis das veces, na vertente investigadora. Citabamos, sen embargo, que a gadaña acadaba tamén, coa mesma problemática, ao persoal auxiliar de investigación. Só hai que lembrar a reclamación de que, lonxe de cubrir os postos vacantes, a última modificación da RPT da AGACAL minoraba en case 400 mil euros, o capítulo I do CIAM en conxunto, o cal se viña a sumar a outros 2 postos de investigacións substraídos para nutrir a XERA aló ao comezo de 2019. Fagan vostedes a conta de a cantos postos de persoal investigador ou auxiliar corresponde esta cantidade.

Por certo, saben onde emerxeron os fondos detraídos do cadro de persoal investigador e auxiliar do CIAM? Foron destinados a nutrir os servizos centrais da AGACAL en materia de xestión económica!

Centrando nesta ocasión o tema no persoal auxiliar de campo (técnicos de grao medio e superior da área agraria, tractoristas, oficiais de campo, encargados agrarios), todos eles imprescindíbeis para o desenvolvemento das investigacións en curso, só diremos que fronte a esta sustración de efectivos, emerxen os problemas de non cobertura de postos vacantes, temporalidade, non recoñecemento igualitario de pluses ou complementos de perigosidade, toxicidade e penosidade que se unen á falta de convocatorias de oposicións de forma regular para o persoal técnico da rama agraria, especialidade que se imparte nas escolas da propia consellaría do Medio Rural.

CSV, REGISTRO: IS9J40SK6-2
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Registro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

-Pensa o goberno galego que o estado das instalacións dependentes do CIAM é acorde cun centro investigador agrogandeiro do século XXI?

-Pensa o goberno galego que a maquinaria e apeiros que se usan actualmente polo persoal auxiliar de campo nas fincas e instalacións experimentais é axeitada aos tempos que corren?

-Cal é a explicación do goberno galego a este abandono e desleixo pola investigación e os seus traballadores?

-Por que se discrimina aos traballadores e traballadoras auxiliares de campo no cobro de complementos de perigosidade, toxicidade e penosidade ?

-Para cando o novo edificio e dotación do Banco de Xermoplasma?

-Pretende manter por moito tempo a penosa situación das instalacións dependentes do CIAM como exemplo do que non debe ser tanto en rendemento coma en benestar animal coma en dereitos laborais e situación de risco dos e das traballadoras?

-Para cando a convocatoria de oposicións que cubran as vacantes laborais do persoal auxiliar de campo ?

-Cando pensan solucionar a situación irregular e perigosa na finca da P. do Brollón e acometer a restauración das instalacións??

CSV REGISTRO:ISSJ40SK6-2
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2022 10:59:24
Nº Registro: 45467
Data envío: 26/12/2022 10:59:24.289

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/12/2022 10:46:27

María González Albert na data 26/12/2022 10:46:31

María del Carmen Aira Díaz na data 26/12/2022 10:46:40

CSX: REGISTRO:ISSJ40SK6-2
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 45659(11/POC-008247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a situación actual dos montes veciñais en man común

Publicación da iniciativa, 432, 05.01.2023



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2022 12:09:49
Nº Rexistro: 45659
Data envío: 27/12/2022 12:09:49.844

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Os Montes Veciñais en Man Común son unha das realidades máis relevantes do dereito galego. Un valor que reside en que os MVMC ocupan unha superficie moi importante da superficie galega, concretamente a terceira parte da superficie forestal, constituíndo a excepción o minifundismo galego.

Debe incidir esta figura de forma decisiva na economía do noso rural, sen obviar a súa función social e de protección do medio ambiente.

Estes teñen que asumir o papel económico e estratéxico que lles corresponde e dende o goberno galego deben darlle instrumentos para elo.

Por todo elo, incide o Grupo Parlamentario Socialista no cumprimento do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios e do plan forestal de Galicia avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especialmente a extraordinaria vaga de incendios que sufriu Galicia en outubro de 2017. En concreto da medida número 47 que recolle a necesidade da Elaboración pola Consellería do Medio Rural dun informe que certifique a situación das comunidades propietarias dos montes veciñais en man común, detallando de xeito específico a súa estrutura organizativa, o cumprimento das súas obrigas legais e a existencia de instrumentos de ordenación e xestión forestal dos seus montes. En definitiva, levar a cabo a investigación da situación institucional e o grado de goberno dos montes veciñais en man común, da súa administración e xestión e do seu réxime de usos e aproveitamentos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera necesario o Goberno galego coñecer a situación actual dos Montes Veciñais en Man Común en referencia o seu grado de goberno, a administración e xestión e o seu réxime de usos e aproveitamentos?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-266C0137P-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2022 12:09:49
Nº Rexistro: 45659
Data envío: 27/12/2022 12:09:49.844


2. Que pasos deu a Xunta de Galicia para cumprir o acordado na medida 47 do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal do parlamento en relación ca elaboración dun informe da situación dos MVMC?
3. Iniciáronse os traballos ao respecto?
4. De ser positiva a anterior resposta, quen os está a realizar e cal é a contía do orzamento dedicado o respecto?
5. Cando será presentado o informe?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/12/2022 12:04:37

Martín Seco García na data 27/12/2022 12:04:47



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47553(11/POC-008905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a ampliación, por parte do Goberno galego, dos censos para a nova liña da PAC "Xestión sustentable de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros"

Publicación da iniciativa, 443, 27.01.2023



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A Xunta de Galicia debería rectificar o listado de concellos afectados polos ataques de lobo que manexa a Consellería do Medio Rural para asignar as axudas que a nova PAC prevé para zonas con alta incidencia de danos na gandería.

Estas axudas enmárcanse dentro da nova liña “Xestión sostible de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros”, onde as superficies indemnizables estarán dentro dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia designados como zonas con presenza de grandes carnívoros.

As condicións de elixibilidade para as explotacións son estar localizadas nunha desas áreas, realizar pastoreo, dispor un mínimo de 15 cabezas de gando maior ou equivalente, e dispor de sistemas de vixilancia ou coidado do gando (dispositivos de xeolocalización e/ou cans de garda-mastíns). Nestas condicións as explotacións poderían optar a uns pagos anuais compensatorios de ata 75 euros por hectárea.

A Consellería do Medio Rural estaba a propoñer un listado de concellos de alta incidencia por ataques do lobo que xa está obsoleto, pois databa do ano 2009 cando se redactou o Plan de xestión do lobo e todos somos coñecedores de que se estaban a dar ataques noutras zonas e a relación de concellos foi actualizada pola Consellería de Medio Ambiente no ano 2021 coa incorporación de 22 concellos adicionais.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego a ampliar os censos para a nova liña da PAC, “Xestión sostible de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros” aos concellos de Piñor, San Cristovo de Cea, Pedrafita, As Nogais, Bóveda, Cervo e Chantada?

2ª) Cando pensa o Goberno galego actualizar os mapas de presenza do lobo en Galicia e actualizar o Plan de xestión que data de 2009?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 18:19:09
Nº Rexistro: 47553
Data envío: 18/01/2023 18:19:09.406

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 18:05:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 18:05:54

CSX, REGISTRO-meWFRH-6
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 51285(11/POC-009540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas das agricultoras e agricultores mozos en relación co sistema das convocatorias de axudas para este sector

Publicación da iniciativa, 471, 22.03.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 10:25:23
Nº Rexistro: 51285
Data envío: 13/03/2023 10:25:23.182

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As convocatorias que realiza o goberno da Xunta para a incorporación de xoves agricultores e agricultoras, son se cabe, das máis importantes porque poden marcar a diferenza entre dotármonos dun rural cun sector primario produtivo en torno ao cal se coide o medio de modo natural e se implante poboación, ou ben un rural en aínda peores condicións co actual.

O relevo xeracional vese comprometido polo desprestixio e as dificultades coas que se atopan os e as actuais agricultores e gandeiros, o custoso que é manter as súas granxas abertas, etc, tamén inflúe a falta de apoio público nos plans (que debería ser o que máis medios ten para realizar plans viábeis para estas empresas) e no acompañamento posterior máis alá do período legal requirido para o cobro das axudas.

Todos os anos, a maiores, a xente que decide facer o esforzo e incorporarse á estas actividades ou incluso a mellorar as súas granxas, xunto coas persoas e entidades que asesoran, tramitan e acompañan no proceso atópanse coas mesmas dificultades en relación coa propia orde pola que se convoca e o seu modo de funcionar:

- Non se actualizan de xeito automático en cada anualidade os prezos dos módulos da norma complementaria.

CSM-REXISTRO-uykudp3i-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 10:25:23
Nº Registro: 51285
Data envío: 13/03/2023 10:25:23.182

- Non se realiza unha xornada previa á saída da orde de axudas para dar a coñecer o contido ás unidades xestoras.

- Segue sen implementarse un teléfono de atención cidadá específico para aclarar as dúbidas.

- O programa de tramitación (Melles) para esta orde de axudas segue dando moitos problemas e incidencias.

- O prazo dun mes para a tramitación é moi escaso sempre, tendo en conta o enorme volume.

- O mesmo sucede co prazo no que se requiren as licencias administrativas dos proxectos das subvención, habitualmente o 15 de setembro e puntualmente ampliado ata o 15 de outubro. Organismos como a confederación hidrográfica provocan efecto embudo ata o punto que en ocasións se renuncia a seguir coa tramitación da axuda pola imposibilidade de obter os permisos e licencias a tempo para a Consellería de Medio Rural.

- Hai un déficit de coordinación entre os distintos organismos encargados de marcar e transmitir os criterios dando a impresión de que en realidade falta unificación nos mesmos.

-O servizo de explotacións agrarias e a Dirección Xeral de Oficinas Rurais segue sen ter en conta as propostas da Asociación de asesores rurais de Galicia para a mellora das bases de cada convocatoria anual.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 10:25:23
Nº Registro: 51285
Data envío: 13/03/2023 10:25:23.182

Vai o goberno da Xunta atender as demandas do sector para que modifiquen o sistema de convocatoria desta axuda e máis o aplicativo pola se que tramita?

Van poñer orde nas convocatorias e resolucións de modo que se resolva a primeira antes de sacar outra?

Van facer convocatorias anuais neste próximo período para evitar o atasco que se produce cando queda algún ano en branco?

Que tipo de melloras se precisan na dirección e coordinación entre os organismos públicos e privados co Servizo de Explotacións Agrarias e a Dr Xeral de Oficinas Rurais?

Consideran que están facilitando o máximo posible as axudas ás novas incorporacións?

Que previsión de incorporacións teñen para este período 23-27?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: REGISTRO-uyklud931-5
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2023 10:25:23
Nº Registro: 51285
Data envío: 13/03/2023 10:25:23.182

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/03/2023 10:18:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/03/2023 10:18:34

María González Albert na data 13/03/2023 10:18:44

CSX: REGISTRO-uykludP31-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 05.04.2023

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 50407(11/PNC-004296)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar as permutas de especial interese agrario

Publicación da iniciativa, 461, 01.03.2023

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Logo da aprobación da Lei de recuperación da terra agraria polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia puxo en marcha as actuacións para impulsar as ferramentas, recollidas nesta normativa, que teñen como principal obxectivo impedir ou mesmo revertir o abandono no rural e resultan útiles tamén para protexer o medio ambiente, crear emprego endóxico e para facer prevención e defender as persoas e os seus bens dos lumes forestais.

Algún dos instrumentos que inclúe a Lei son as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as permutas de especial interese agrario e as agrupacións de xestión conxunta, co fin de poñer en valor terras a través de actividade agraria que xere riqueza e emprego, fixe poboación e sirva -ao tempo- para anticiparse aos incendios forestais.

Cabe sinalar que desde a entrada en vigor da Lei de recuperación -en maio de 2021- arredor de 10.000 hectáreas de terreo están sendo obxecto de desenvolvemento dun instrumento de recuperación de terra agraria, correspondentes a 21 polígonos agroforestais, a 21 aldeas modelo e a permutas voluntarias localizadas no concello de Friol, na provincia de Lugo.

As actuacións postas en marcha neste concello galego son un claro exemplo do bo funcionamento desta ferramenta de mobilización de terras, segundo o disposto na Lei de recuperación ao declarar estas permutas de especial interese agrario, suporá distintas vantaxes para os propietarios, entre elas unha liña de axudas para financiar os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade destas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, traballos de limpeza e a eliminación da necesidade de licenza de segregación, entre outros.



Ademais destes procesos de permutas que recolle a Lei de recuperación, cómpre lembrar tamén a importancia das concentracións parcelarias. O partido popular de Galicia cree neste tipo de procesos de reorganización do territorio, xa que con estas actuacións seguimos paliando o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e promover as permutas de especial interese agrario e que dende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se habiliten axudas destinadas a financiar os gastos de xestión, tanto notariais como de rexistro da propiedade, en beneficio dos propietarios implicados”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 13:49:29

María Elena Candia López na data 22/02/2023 13:49:47

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 13:50:06

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 13:50:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 13:50:38

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 13:50:58

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 13:51:15

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 13:51:26

